



Concello de Gondomar

CONCELLO DE GONDOMAR

ANUNCIO

Bases para o procedemento de adxudicación de nichos no Cemiterio Municipal de San Cibrán de Donas.

I.INTRODUCCION

De acordo co establecido polo artigo 26.1 a) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (modificada por Lei 27/2013 de RSAL) todos os municipios por sí ou asociados deberán prestar en todo caso, os servizos de cemiterio.

Os servizos de cemiterio municipal son prestados polo Concello de Gondomar de acordo coa normativa de réxime local. Para aqueles aspectos non contemplados no regulamento de réxime interior do cemiterio municipal se atenderá ó Decreto de Sanidade Mortuoria de Galicia (Decreto 129/2023), Lei de Saúde de Galicia (Lei 8/2008, de 10 de xullo), Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria Estatal (Decreto 2263/1974 de 20 de xullo) e á Lei Reguladora de Bases de Réxime Local (Lei 7/1985 de 2 de abril na súa redacción dada por Lei 27/2013).

Á súa vez, o ANEXO da ordenanza fiscal reguladora da taxa por cemiterio municipal (BOPPO núm. 197, de 13 de outubro de 2017), establécese a valoración de cada un dos nichos respecto da ampliación do Cemiterio de San Cibrán de Donas.

Por providencia de Alcaldía de 21 de febreiro de 2025 ordenouse iniciar o procedemento previsto nestas bases para a adxudicación de dereitos funerarios sobre os nichos dispoñibles no cemiterio de San Cibrán de Donas Gondomar de acordo co importe establecido no anexo da ordenanza fiscal reguladora da taxa por cemiterio municipal.

I. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Artigo 1. Nichos obxecto de adxudicación.

O obxecto de adxudicación son os nichos dispoñibles na ampliación do cemiterio municipal de San Cibrán de Donas, identificados da seguinte maneira:

Bloque 2: 1A, 1B, 1C, 2A, 2B, 3C, 4A, 4B, 4C, 5A, 5B, 5C, 6A, 6B, 6C, 7A, 7B, 7C, 8A, 8B, 8C, 9A, 9B, 9C, 10A, 10B, 10C, 11A, 11B, 11C, 12A, 12B, 12C





Concello de Gondomar

Bloque 3: 2D, 2E, 3D, 3E, 3F, 4D, 4E, 4F, 5D, 5E, 5F, 6D, 6E, 6F, 7D, 7E, 7F, 8D, 8E, 8F, 9D, 9E, 9F, 10D, 10E, 10F, 11D, 11E, 11F, 12D, 12E, 12F

Considerando esta numeración hai que ter en conta que os nichos 1D, 1E, 1F e 2F están ocupados con enterramentos municipais e quedarán a disposición do Concello.

Artigo 2. Réxime de cesión e prazo.

O réxime polo que se ceden os nichos do cemiterio municipal de San Cibrán de Donas será, o de concesión de dereitos funerarios sobre dominio público, cun prazo de vixencia de 50 anos prorrogables ate 75 anos.

Aos efectos do cómputo do período de vixencia da concesión do dereito funerario se terá por data de inicio a da adxudicación do título de concesión.

O título de dereito funerario se extinguirá polo transcurso do tempo fixado no mesmo ou polo incumprimento do titular das obrigas contidas no Regulamento de réxime interior do Cemiterio municipal e demais Normas establecidas.

Artigo 3. Prezo dos nichos.

As unidades de enterramento obxecto de concesión, son todas do mesmo tipo: nichos; polo que non existen distintas clasificacións.

En función da valoración efectuada e establecida no ANEXO da ordenanza fiscal reguladora da taxa por cemiterio municipal (BOPPO núm. 197, de 13 de outubro de 2017), a valoración de cada un dos nichos é a seguinte: 1.114,42 €.

Transmisións de concesións, unha porcentaxe sobre o importe da concesión:
Por herdanza: 6%.

Así, a tarifa pola concesión dun dereito funerario sobre dominio público é de 1.114,42 euros por nicho.

II. INSCRICIÓN PARA A ADXUDICACIÓN

Artigo 4. Solicitude de inscrición e prazo.

Para poder ser adxudicatario, se deberá solicitar a concesión no rexistro do Concello de Gondomar podendo optar a un máximo de 2 nichos por unidade de convivencia.

O prazo para realizar as solicitudes dos nichos serán de 60 días hábiles a contar dende o día





Concello de Gondomar

seguinte á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Artigo 5. Requisitos.

Para ser adxudicatario da concesión dun dereito funerario sobre dominio público, deberanse cumprir inescusablemente os seguintes requisitos:

- a) Non ter adxudicados 2 nichos por unidade de convivencia nos Cemiterios municipais.
- b) Non ter débeda algunha coa Facenda Municipal e non estar incurso en prohibición para contratar.
- c) Ter realizado o pago dos importes correspondentes ás tarifas vixentes conforme a Ordenanza Fiscal Municipal reguladora da taxa por servizos de cemiterio.
- d) Antigüidade mínima dun ano inscrito no Padrón de Habitantes no Concello de Gondomar.

Artigo 6. Documentación a presentar.

A efectos de acreditar os datos referidos no artigo anterior, o Concello de Gondomar poderá esixir a documentación que considere oportuna para a comprobación dos requisitos esixidos nas presentes Bases.

En todo caso, se deberá aportar declaración responsable onde se faga constar o cumprimento dos requisitos do artigo 5 das presentes bases, segundo modelo do anexo do final das presentes bases. Asimesmo, o solicitante da unidade de convivencia deberá cubrir o espazo da declaración responsable relativo aos nichos adxudicados por unidade de convivencia; en caso contrario, será excluído da adxudicación ao non poder acreditar o número de nichos adxudicados, sen perxuízo que a Administración comprobe os mesmos de oficio.

Artigo 7. Cumprimento dos requisitos e lista de admitidos.

Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos esixidos crearase unha lista de admitidos e excluídos provisional, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de 15 días, no caso de existir excluídos, para poder presentar alegacións.

Transcorrido ese prazo, serán resoltas as alegacións e aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se establecerá por orde de entrada no rexistro da solicitude do usuario.





Concello de Gondomar

II. ADXUDICACIÓN

Artigo 8. Criterios de adxudicación.

A adxudicación das concesións sobre os nichos dispoñibles no Cemiterio realizarase a través do seguinte criterios:

1.- Terá preferencia a unidade de convivencia, segundo Padrón, quen non teña adxudicado ningún nicho nos Cemiterios municipais do término municipal de Gondomar.

2.- En caso de que existan nichos sobrantes utilizando o criterio anterior, terase en conta o número de membros da unidade de convivencia, optando aos nichos por maior número de membros, e de seguir o empate a antigüidade dos membros segundo o Padrón de Habitantes.

3.- En caso de empate trala aplicación dos dous criterios anteriores, realizarase a adxudicación por sorteo entre as unidades de convivencia solicitantes.

Artigo 9. Protección de datos.

O Rexistro creado ó amparo do Regulamento de réxime interior do Cemiterio municipal, cumprirá cos requisitos da [Lei Orgánica 3/2018](#) de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Artigo 10. Publicidade.

As presentes bases se publicaran no Boletín Oficial de Pontevedra e no taboleiro de anuncios do Concello de Gondomar.

Artigo 11. Adxudicación do nicho e reserva para o Concello.

Unha vez confeccionada a lista de adxudicatarios, consonte á aplicación dos criterios de adxudicación do artigo 8, o Concello de Gondomar irá adxudicando os nichos segundo a orde establecida no artigo 1 destas bases.

Se reservan 4 nichos dos totais do Cemiterio de San Cibrán de Donas para o Concello.

Artigo 12. Lista de espera.

Unha vez adxudicado o último nicho dispoñible e que non sexa obxecto de reserva para o Concello, os incluídos na lista como admitidos e que non resulten adxudicatarios neste





Concello de Gondomar

procedemento por falta de nichos libres, pasarán a formar parte da lista de espera, por un prazo de dous anos.

Expirado o prazo anterior, e ante a existencia de nichos valeiros, realizarase nova adxudicación para cubrir esas vacantes entre os membros da lista de espera.

Artigo 13. Formalización da adxudicación.

Unha vez a persoa adxudicataria teña adxudicado o nicho, se lle entregará o documento de outorgamento do título de concesión polo período establecido, previa xustificación de ter aboado a tarifa correspondente, e quedarán acreditados os requisitos esixidos nestas Bases.

Na Concesión se farán constar:

1. Os datos que identifiquen a unidade de enterramento.
2. Data da adxudicación.
3. Nome e apelidos do titular, D.N.I., teléfono e domicilio.
4. Tarifas satisfeitas en concepto de dereitos de uso e demais obrigacións económicas derivadas.

As adxudicacións dos títulos de dereito funerario se inscribirán no libro-rexistro correspondente acreditándose as concesións mediante a expedición do Título que proceda.





Concello de Gondomar

ANEXO

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/ Dña con domicilio en Gondomar (Pontevedra), con correo electrónico..... e número de teléfono.....

DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que cumpro os seguintes requisitos para participar na adxudicación dos nichos do cemiterio municipal de San Cibrán de Donas (Gondomar)

- a) Non ter adxudicados 2 nichos por unidade de convivencia nos Cemiterios municipais.
- b) Non ter débeda algunha coa Facenda Municipal e non estar incurso en prohibición para contratar.
- c) Ter realizado o pago dos importes correspondentes ás tarifas vixentes conforme a Ordenanza Fiscal Municipal reguladora da taxa por servizos de cemiterio.
- d) Antigüidade mínima dun ano inscrito no Padrón de Habitantes no Concello de Gondomar.

A efectos da **preferencia na adxudicación en aplicación aos criterios segundo o art. 8 das Bases**, a miña unidade de convivencia segundo Padrón ten o seguintes nichos adxudicados nos Cemiterios municipais do término municipal de Gondomar:

- **Nichos adxudicados por unidade de convivencia (obligatorio):**

Todos os datos aportados na presente declaración son reais. En caso de falsedade nos datos introducidos, se iniciarán os trámites correspondentes para esixir a correspondente responsabilidade, sen perxuízo da devolución do nicho ao Concello para unha nova adxudicación do mesmo.

